




Juan Gelman, (dereita), acudiu á Cea das Letras celebrada onte no Hotel Pazo do Carme en Santiago

TAMARA LAFRANCA

A AELG CONCEDE OS SEUS GALARDÓNS A CID CABIDO, FERNÁNDEZ PAZ, RUIBAL, LUZ POZO E ALONSO MONTERO

Os escritores galegos premian o mellor da literatura de 2009

A distinción á traxectoria xornalística recae en Rivas, a de tradución en María Alonso e Bartug e a de blogs en Bragado

REDACCIÓN
GALICIA
cultura@xornaldegalicia.com

A Asociación de Escritores en Lingua Galega entregou onte no transcurso da Cea das Letras os seus premios ás mellores obras publicadas no ano 2009. Estes galardóns, divididos en varias categorías, recoñecen a calidade da produción dos traballos literarios máis destacados publicados no país e estanse a afianzar como uns dos máis prestixiosos do panorama galego.

Na categoría de narrativa, a obra *Unha historia que non vou contar*, de Cid Cabido, impúxose as outras dúas finalistas: *Monte Louro*, de Luís Rei Núñez, e *O cabo do Mundo*, de Xabier Quiroga. No apartado de poesía, o último libro de Luz Pozo Garza, titulado *Deter o día cunha flor* (Baía Edicións), foi a premiada, mentres que *O pouso do fume*,

de Dolores Tembrás, quedou en finalista. Pola súa banda, Xesús Alonso Montero alzouse co premio no apartado de ensaios co seu estudo *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1978)*, da editorial Xerais.

Na sección de Teatro, o *Delimbois* (Xerais/Igaem) de Rubén Ribal foi considerado o mellor texto dramático escrito en Galicia o ano pasado, superando dese xeito as outras finalistas: *Medea dos fixados*, e outras pezas, de Manuel Lourenzo, e *Sempre quixen bailar un tango*, de Teresa González Costa.

Agustín Fernández Paz conseguiu o galardón no apartado de Literatura Infantil e Xuvenil grazas a súa *Luz de Senegal* (Xerais), superando así as outras tres obras candidatas: *As de holboreta*, de Rosa A. Neiros, *O Brindade Ouro II. A táboa da hospitalidade*, de Xesús Manuel Marcos e *Valados*, do propio Agustín Fernández Paz, que aspiraba ao premio por dous títulos que publicou o ano pasado. Na categoría de mellor tradución, o xurado decidiu premiar a Bartug Aykame e María Alonso Seisdedos pola súa adaptación de *O museo da inocencia*, do premio Nobel Orhan Pamuk.

JUAN GELMAN

O poeta e xornalista Juan Gelman (Bos Aires, 1930) asistiu á Cea das Letras para recibir a pluma en calidade de Escritor Galego Universal. Deste xeito, a Asociación de Escritores en Lingua Galega distingue a traxectoria dun dos poetas máis premiados da súa xeración. Na cea de onte, o autor dos poemas de Sidney West -un falso poeta inventado por el mesmo ao xeito dun xogo delirante no que Gelman di traducir a obra dun autor estadounidense que só existe na súa imaxinación- iniciou unha breve estada por terras galegas que o levará a diferentes cidades de Galicia. Mañá presentará o seu libro *Bajo lluvia ajena* na Real Academia Galega e o martes recibirá o Premio Escritor Galego Universal nun acto solemne no Salón Nobre do Pazo de Fonseca da Universidade de Santiago. O poeta arxentino recibirá así o recoñecemento e o aplauso dos escritores galegos nunha estada de catro días por Galicia.

Manuel Bragado recibiu o galardón ao mellor blog literario grazas a súa bitácora *Brétemas* (bretemas.blogaliza.org). O director de Xerais impúxose así aos blogs de Laureguizar, Alfredo Ferreiro, Marcos Valcarcel, Francisco Castro e a propia Axenda Cultural da AELG, de Algueirada.

Manuel Rivas foi escollido entre un total de sete candidatos -Belen Regueira, Anxo Tarrío, Lino Braxe, Rieito Iglesias, Ana Romani e Fran P. Lorenzo- na categoría de Traxectoria Xornalística. Por último, a Asociación de Escritores en Lingua Galega entregoulle o galardón destinado a Institucións ao Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra.

Nesta Cea das Letras, a Asociación de Escritores en Lingua Galega celebrou ademais un acto de recoñecemento aos seus Consellos Directivos dos trinta anos de existencia, personificados nas respectivas presidencia, secretaría xerais e vicepresidencia.

www.xornal.com
Opina sobre as obras gañadoras na páxina web do noso periódico